

Números vermellos: a cor máis temida nas contas correntes

Solicitar un anticipo de nómina ou contar cun xestor de finanzas permite esquivar os xuros de ata o 10% que implican os números vermellos



“Como viene se va”: este dito popular español é a vivencia real que experimentan moitas persoas que observan como as súas contas correntes teñen moitas “saídas” de diñeiro e poucas “entradas” de capital. Nestes momentos de crise económica na que numerosas familias viven cun só soldo, ou con subsidios, os gastos son tantos que é fácil deixar unha conta corrente “en panos menores”. Un pequeno erro na planificación, un descoido ou un gasto inesperado poden derivar, con relativa facilidade, nun descuberto bancario, é dicir, en números vermellos. Cando isto sucede, a broma sae cara: as entidades poden cobrar ata un 10% sobre o diñeiro que se deixou a deber no banco. E coa crise, as comisións que cobran as entidades por este concepto disparáronse. Bancos e caixas queixáanse de que teñen máis clientes morosos, polo que elevaron as comisións para tratar de evitar este tipo de situacións. O seu pago é inevitable, pero o consumidor pode pensar noutro tipo de estratexas para evitar futuros descubertos.

Esquivar os números vermellos

└ **Xestor de contas.** Estar ao día na xestión das finanzas domésticas é o consello máis útil que pode evitar un descuberto. En ocasións, con todo, é difícil controlar a entrada de diñeiro mediante ingresos e a saída por gastos. Para iso, é moi útil contar cun xestor de contas en li-

ña, un instrumento do que dispoñen xa numerosas entidades financeiras. Estas ferramentas permiten recompillar todos os datos de ingresos e gastos mensuais. Algunhas permiten ata cargar a posición, diñeiro e produtos financeiros que ten o usuario en calquera entidade, co que se pode lograr unha visión global da súa situación financeira ou particular, por entidades concretas.

└ **Anticipo de nómina.** Outra práctica eficaz para sortear un posible descuberto en conta é solicitar un anticipo de nómina. Esta acción pode levarse a cabo de dúas formas: na empresa onde se traballa ou no banco onde se teñen domiciliados os ingresos.

Na empresa: cando o traballador é un empregado por conta allea, por lei ten dereito a solicitar un anticipo da súa nómina. As características desta práctica, no entanto, poden variar dunhas compañías a outras. En xeral, este dereito está regulado nos convenios de empresa, polo que aspectos sobre o prazo no que se poden pedir ou a cantidade de nómina á que se ten dereito dependerán do tipo de actividade de que se trate. Se o convenio non ten en conta esta práctica, o aforrador pode recorrer ao Estatuto dos traballadores, onde tamén está regulado. Neste caso, o dereito a pedir un anticipo da nómina mensual está recollido no artigo 29. Con todo, a descrición do dereito é bastante vaga. En definitiva, cada



empresa establece os seus criterios. En xeral, por temas administrativos, pódese solicitar un anticipo de nómina entre os días 1 e 20 de cada mes, para que así se poida cargar no mesmo mes no que se solicita. Algunhas compañías dan anticipos de nómina do 100% e outras optan só por unha porcentaxe (de ata o 80%), para evitar problemas de tesourería. A cantidade que se pode solicitar dependerá do volume da nómina. Solicitar un anticipo pode axudar a resolver un descuberto puntual, pero hai que ter en conta que se debe devolver á empresa. Neste caso, o traballador pode elixir non cobrar a nómina do mes seguinte (se solicitou só un mes de anticipo), que é o máis habitual, ou negociar coa empresa para repartir proporcionalmente o “préstamo” en varios meses.

No banco: as entidades financeiras dan a opción de solicitar un préstamo polo valor da nómina ou varios múltiplos desta. Polo xeral, é un préstamo con tipos de xuro máis baixos que nos préstamos persoais ou que, ata, alcanza tipo de xuro cero. As condicións serán negociables co cliente e variarán en función das cantidades solicitadas e da solvencia ou capacidade de pago do cliente. Este préstamo só se pode solicitar no banco onde se ten domiciliada a nómina.

➔ www.consumer.es



XESTIONAR UN DESCUBERTO PARA MINIMIZAR O SEU IMPACTO

Sufrir un descuberto na conta pode converterse nunha experiencia traumática. En primeiro lugar, porque pon de manifesto que as finanzas do usuario non pasan por un bo momento. En segundo lugar, pola cantidade de gastos e de trámites que esixen facer as entidades financeiras para emendar o caso. Nos últimos anos de crise, as comisións asociadas a un descuberto incrementáronse nas taxas anuais ao redor do 5%.

O aforrador debe ter en conta que é unha operación que implica varias comisións:

└ A entidade cobra unha comisión por descuberto polo mero feito de deixar a conta en números vermellos e que o banco teña que poñer diñeiro para cubrir todos os gastos que se cargaron.

└ En segundo lugar, cobra unha comisión denominada de reclamación de descuberto, polas xestións que ten que facer (chamadas de teléfono ou envío de comunicacións por correo ordinario) para informar o cliente e solicitar a devolución do capital prestado.

Unha vez que se produciu o descuberto, para minimizar o seu impacto, o mellor é poñerse en contacto coa entidade canto antes. Isto pode evitar ter que pagar a comisión por reclamación de descuberto (a máis cara). Polo xeral, as entidades envían cartas aos seus clientes para informalos de que deixaron a conta en números vermellos.